

ÚLTIMAS NOTICIAS SOBRE A AMPLIACIÓN DA AP-9



O ALCALDE ANUNCIA NO PLENO QUE AS OBRAS REMATAN E AS CONTRAPRESTACIÓNS... XA VIRÁN...

No pleno do pasado xoves 30 de novembro de 2017 Javier Bas organizou unha “autocomparecencia”, que pretendía levar a cabo sen réplicas, nin preguntas, nin intervencións de ningún tipo por parte da oposición.

Como precedente, na xunta de voceiros do martes 28, comunicou aos grupos da oposición que a comparecencia, a petición do PP, era para “informar”. Os grupos presentes recordámoslle que existen foros de información e debate como son, por exemplo: a comisión de seguimento das obras da AP-9, os consellos parroquiais, a comisión informativa de Urbanismo... ou a mesma xunta de voceiros na que se **NEGOU A FACILITAR DATO ALGÚN SOBRE A INFORMACIÓN QUE ÍA TRANSMITIR** na comparecencia no pleno. Tamén se lle preguntou se había algún compromiso asinado e a súa resposta foi negativa.

CONCLUSIÓNS SACADAS DESPOIS DA COMPARECENCIA NO PLENO:

- O Colexio de Infantil e Primaria “Igrexa” de Chapela está moi ben protexido por uns muros novos e non hai perigo. O traslado será... cando se poida. Mentres tanto temos unhas aulas prefabricadas que están moi ben e que teñen content@s a tod@s. Ou sexa, imos abrir o **terceiro carril** porque está todo moi ben preparado e non haberá que encadearse para impedi-lo.
- Presenta un “borrador” de suxestións para proxectos que se están a estudar en Fomento. Basicamente son melloras da **ponte que conecta Trasmañó** con Chapela e, “non desmontar” a ponte que fixeron sobre a vía do tren para acceder ás obras de ampliación da ponte de Rande (que veremos como queda, porque está aberta á negociación con ADIF).
- “Pode que” se suprima a **peaxe en Rande**, aínda que non se sabe quen lle pagará a AUDASA, porque, segundo dixo, vai ser coma a “gratuidade do Morrazo”. O usuario non paga directamente pero AUDASA recibe a súa cota de beneficios. AUDASA COBRA.
- Mellorouse a seguridade dos **noiros**. ¡Grazas! Moitas grazas por facer noiros con menos risco de derrubo. Noiros feitos fóra do proxecto, sen ningún tipo de exposición pública e moito menos con estudo de impacto ambiental das augas de escorrentía que produce este novo aterramento.
- Estase a solicitar que se repoñan as **desfeitas nas vías** e demais infraestruturas afectadas. Xa se farán os proxectos. GRAZAS.
- O antigo colexio vai desaparecer e van facer outro novo para... “o antes que se poida”. GRAZAS.

E así foi louvando o labor do equipo de goberno municipal e da Asociación de Afectados pola AP-9. **Os demais colectivos non contan, nin pensan contar con eles** porque non se adquiriu compromiso algún de convocar a Comisión de Seguimento, nin o Consello Parroquial, nin a Comisión de Urbanismo.

SUMAR E NON RESTAR

O alcalde valora en sete millóns de euros o que “pode que se consiga” como contraprestacións á desfeita executada sobre unha **poboación xa afectada suficientemente pola propia autoestrada, polas vías do tren, pola ocupación de gran parte do seu litoral e por un desenvolvemento urbanístico caótico**.

Pero o alcalde parece non saber restar. Informou como se eses “posibles” orzamentos viñesen gratuitamente, no caso de que veñan. Pero non hai tal.

Debemos empezar a restar, a **poñer en valor o que se perdeu**, a valorar en millóns as perdas e as afeccións que van permanecer sobre Chapela nas vindeiras décadas. A desfeita dos viais, de espazos de lecer, da vida de moitos veciños/as, do patrimonio etnolóxico, mesmo do valor do solo que agora vai quedar afectado. E de algo moi intanxible pero real, como é a mobilidade interna da parroquia, as relacións sociais... **a vida mesma**. Sen deixar de mencionar os ruídos por traballos nocturnos prohibidos pero consentidos (non puideron mandar á Policía Local a formarse nesta materia por falta de efectivos, pois Redondela quedaría en perigo mentres os axentes ían formarse), ou centros educativos convivindo con índices de ruído que superaron con creces o tolerable para o desenvolvemento da función educativa.

Estamos gañando algo? **Que se fixo durante este tempo máis alá de consentir?** Seguramente se estivo traballando neste borrador de peticións pendentes de trasladarse a proxectos que se trasladarán a Fomento para que cheguen a incluírse nuns orzamentos do Estado que pode que algún día se executen.

O PASO DO TEMPO: TRES ANOS EN OBRAS. PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA!

Redondela, a 6 de decembro de 2017.